

VISIÓN de InteRed


Queremos ser unha organización que da pulo a procesos educativos para o cambio persoal e colectivo a favor da xustiza social, a equidade e o coidado das persoas e a natureza, aberta á participación e ao diálogo con grupos de persoas de distintos países.

MISIÓN de InteRed

Somos unha ONG de Desenvolvemento promovida pola Institución Teresiana, que aposta por unha **educación transformadora**, que xere a participación activa e comprometida de todas as persoas a favor da xustiza, a equidade de xénero e a sostibilidade social e ambiental. Traballamos con persoas e organizacións de diversos países e culturas, especialmente con quen teñen os seus dereitos máis vulnerados.



LIÑAS ESTRATEXICAS:



"Desvelando as masculinidades hexemónicas: O papel dos homes nas relacións de equidade de xénero"

Plan de Formación para docentes e estudantes.

Tardes: 15 e 16 de outubro 2015.

Dás 16:00 ás 20:30 horas

Edificio de apoio ao estudo do **Campus Esteiro. Ferrol.**
Número de aula 1.2

UNIVERSIDADE DA CORUÑA. FERROL

ORGANIZAN:



OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

COLABORAN:



SUBVENCIONA:



AQUÍ NOS ATOPARÁS InteRed Galicia

Praza do Matadoiro, 7 – Baixo
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 58 79 66
E-mail: galicia@intered.org

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Masculinidades

O enfoque integral en masculinidades é unha reflexión crítica sobre as prácticas, significados e imaxinarios sociais dos homes no que se constrúe, reproduce e lexitima a violencia de xénero, as inequidades, e a desigualdade nas relacións entre mulleres e homes. Este enfoque é profeminista e suscita posibilidades e estratexias de cambio a partir de masculinidades alternativas e diversas xa existentes.

O curso suscítase como un proceso vivencial de reflexión crítica sobre os significados hexemónicos de ser home e a aprendizaxe de estratexias de cambio cara a masculinidades que asumen afirmativamente os coidados, a equidade e igualdade de xénero.

O proceso utiliza a *metodoloxía Equinoccio*, unha estratexia educativa desenvolvida en Centroamérica para o traballo con homes e mulleres aliadas. Equinoccio incorpora xogos, arteterapia, traballo corporal, vídeo foros, análise, lecturas e teatro foro, análise do conflito, foto palabra, entre outras.

O proceso diríxese a homes e mulleres que desexen reflexionar e participar activamente a partir da súa práctica persoal e laboral.

MODALIDADE DO CURSO: 2 tardes intensivas. (dás 16 ás 20:30 horas)

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Edificio de apoio ao estudo do Campus Esteiro. Ferrol. Número de aula 1.2

PRAZAS LIMITADAS: Para levar a cabo o Obradoiro ten que haber un mínimo de 15 persoas, máximo de 30.

InteRed e a OCV-UDC do Ferrol concederán un diploma de participación no curso a quen acredite a asistencia.

CONTIDOS:

- O Modelo Hexemónico de Masculinidade (MHM)
- Os dispositivos de socialización do MHM.
- Relacións de poder entre os xéneros.
- A prevención da violencia de xénero.
- A dimensión do coidado no ciclo vital.
- Masculinidades. Feminidades.

O curso será impartido por **José Rutilio Delgado Rodríguez e Walberto Virgilio Tejeda Guardado**, facilitadores do Programa de Masculinidades do Centro Bartolomé das Casas.

www.escuelaequinoccio.org

QUEN PODE PARTICIPAR?

HOMES e MULLERES: docentes, estudantes e mocidade maiores de 20 anos.

PRAZO DE MATRÍCULA: Matricula aberta ata o 8 de outubro 2015. Admisión por orden de chegada.

PREZO SIMBÓLICO XERAL: 5 €.

O pago formalizarase no momento da inscrición.

Unha vez realizada a matrícula **non** se devolverá o importe.

INSCRICIÓNS:

InteRed Galicia galicia@intered.org

Na UDC. Vanessa Míguez Martín 981 167 000 Extensión 3677
ocvfer@udc.es

Pago:

ABANCA: IBAN ES60 2080 0319 6430 4001 3740

Concepto: Masculinidades UDC 15